



## Curso “Claves para a mellora do rendemento deportivo a través da psicoloxía”

<b>DOCENTE</b>	Santiago López Roel (G-5460).
<b>ORGANIZA</b>	Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.
<b>COORDINA</b>	M <sup>a</sup> Carmen González Hermo (G-3100).
<b>DURACIÓN</b>	5 horas.
<b>DATA E HORARIO</b>	Sábado, 25 de maio de 2024. De 09:00 a 14:00 horas.
<b>MODALIDADE</b>	En liña. Plataforma Moodle do COPG e ZOOM.
<b>PRAZAS</b>	40.
<b>PREZOS</b>	Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento en psicoloxía.....9,00€ Psicólogos/as colexiados/as.....18,00€ Psicólogos/as non colexiados/.....36,00€

\*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:  
[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_a\\_formacion\\_para\\_colexiados\\_.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados_.pdf)



## Curso “Claves para a mellora do rendemento deportivo a través da psicoloxía”

### PROGRAMA

Sábado, 25 de maio de 2024

De 09:00 a 11:30 horas. A psicoloxía no ámbito do alto rendemento deportivo:  
Contexto no alto rendemento deportivo.  
Diferentes personalidades no deporte.  
Formas de traballar cos deportistas.  
Factos psicolóxicos a traballar.


De 11:30 a 14:00 horas. Ferramentas e métodos de traballo no alto rendemento deportivo.  
Diferentes ferramentas a traballar.  
Adaptación e especificidade do adestramento.  
Casos prácticos de deportistas de alto nivel.

### OBXECTIVOS

- Aprender as claves psicolóxicas do rendemento deportivo.
- Adquirir ferramentas de traballo para o alto rendemento.
- Coñecer casos prácticos en psicoloxía deportiva.

### METODOLOXÍA

Teórico-práctica.



## Curso “Claves para a mellora do rendemento deportivo a través da psicoloxía”

### DOCENTE

**SANTIAGO LÓPEZ ROEL**  
**G-5460**

É doutor en psicoloxía con especialidade en deporte pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Investigación en psicoloxía e saúde e do deporte e posgrao de psicoloxía en alto rendemento deportivo pola Universidade Autónoma de Barcelona. Ademáis, é profesor de psicoloxía na Universidade de Vigo.

Director de área de Psicoloxía en Clínicas On e traballa con diferentes federacións nacionais e autonómicas, así como con diferentes deportistas olímpicos e campións do mundo.

### INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o curso entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

**Último día de inscrición: 15 de maio de 2024.**